

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a frase correcta:

- A) A uretritis era a causa dos dores na micción.
- B) A uretrite era a causa das dores na micción.
- C) A uretrite era a causa dos dores na micción.
- D) A uretrite era a causa das dores na micción.

2. Indique a frase correcta:

- A) A anestesista seguiu a evolución do paciente durante a ciruxía.
- B) A anestesista seguiu a evolución do paciente durante a cirurxía.
- C) A anestesista seguiu a evolución do paciente durante a cirurxía.
- D) A anestesista seguiu a evolución do paciente durante a ciruxía.

3. Sinale a frase correcta:

- A) Votoulle un remendo ao pantalón.
- B) Botou cinco días na cidade.
- C) Votouse á auga para salvar o rapaz.
- D) Os membros do consello de goberno votaron o proxecto.

4. Indique a frase correcta:

- A) O resultado da análise derivou nun prognóstico positivo, a xuízo da facultativa.
- B) O resultado do análisis derivou nun pronóstico positivo, a xuízo da facultativa.
- C) O resultado da análise derivou nun prognóstico positivo, a xuízo da facultativa.
- D) O resultado do análise derivou nun pronóstico positivo, a xuízo da facultativa.

5. Cal é o termo que se corresponde coa definición "Terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras"?

- A) Souto.
- B) Vide.
- C) Pomar.
- D) Carballeira.

6. Bolsa formada pola dilatación anormal e localizada das paredes dunha arteria, dunha vea ou do corazón:

- A) Infarto agudo de miocardio.
- B) Aneurisma.
- C) Flebite.
- D) Ictus.

7. Indique a opción incorrecta:

- A) A árbore.
- B) O lapis.
- C) A nariz.
- D) A pantasma.

8. Indique a opción correcta:

- A) Análisis de orina.
- B) Análise de urina.
- C) Análise de orina.
- D) Análisis de urina.

9. Cal dos seguintes termos NON é sinónimo de "pomada"?

- A) Crema.
- B) Ungüento.
- C) Untura.
- D) Sebo.

10. Sinale o enunciado correcto:

- A) Os ósos dos antepasados repousan no cemiterio da parroquia.
- B) Os osos dos antepasados repousan no cemiterio da parroquia.
- C) Os ósos dos antepasados repousan no ceminterio da parroquia.
- D) Os osos dos antepasados repousan no ceminterio da parroquia.

Preguntas de reserva

1. Sinale a opción incorrecta:

- A) A viaxe.
- B) O equipaxe.
- C) O traxe.
- D) A carruaxe.

2. Cal dos seguintes termos ten xénero feminino?

- A) Sangue.
- B) Auga.
- C) Legume.
- D) Mel.